



ROGO PARA A LIMPEZA DO ACCESO E ZONA VERDE DA FINCA DO ANTIGO COLEXIO PELETEIRO

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A prolongada falta de actividade das que no seu día foron as instalacións do Colexio Manuel Peleteiro están a provocar unha imaxe de suciedade e de abandono que é precioso atallar.

Desde hai varios meses, na fachada principal pola rúa San Pedro de Mezonzo, tanto na zona accesible a través das escaleiras como na pequena zona verde enreixada e de acceso restrinxido, amoréase lixo de diversas orixe: bolsas, latas, botellas, papeis, envases plásticos ou restos vexetais. Tamén se fai necesaria unha atención á proliferación de maleza, co acondicionamento da vexetación alí existente.

A finca, que hoxe pertencente á Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestructuración Bancaria (SAREB), atópase na actualidade pendente dunha nova ordenación urbanística a través dun Plan Especial que iniciou a súa andadura o pasado mes de abril. Por este motivo, a decisión e a execución para a transformación deste lugar aínda se demorará no tempo e con esa perspectiva faise preciso que, xunto coa seguridade da edificación, se manteña a súa limpeza e adecentamento de todo o seu contorno.

Á vista desta situación, que se pode comprobar no arquivo fotográfico que se acompaña, o Grupo Municipal Popular presenta o seguinte rogo:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno Municipal se inste á propiedade da finca do antigo Colexio Peleteiro para que proceda á súa limpeza e adecentamento de forma periódica, en especial da zona lindante coa rúa San Pedro de Mezonzo, para garantir un mantemento axeitado e evitar a acumulación de lixo na zona.

Santiago de Compostela, a 4 de decembro de 2018.

Alejandro S. Brunete Varela
Concelleiro do Grupo Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

ANEXO FOTOGRÁFICO

